

Galliciense Regnum

Despois de anos de permanecer arrombada, baixo a pauliña de se conformar como “a sucesión de grandes homes e altos feitos”, a historia política volve ocupar o lugar de relevo que certamente lle corresponde. En efecto, a partir dos anos 70 e 80 do pasado século os sectores máis progresistas no campo da investigación histórica viñeron incidindo en facer historia económica e social, deixando para aqueles investigadores tildados de máis conservadores a historia política. Fronte a ese estado das cousas, produciuse na última década unha reacción por parte dun sector da nosa historiografía partidario de que debe facerse unha investigación histórica global, total, que abranca todos os aspectos e que, dende un punto de vista progresista, sitúe no lugar de importancia que lexitimamente lle corresponde á historia das loitas polo poder; isto é, a historia política propiamente dita.

E iso vese como unha necesidade perentoria –no caso da historiografía galega– toda vez que a negación por parte da historia oficial española da existencia dun Reino de Galiza, hexémónico nas centurias altomedievais, é un feito que se pode constatar empiricamente e que provén xa do século XIX. En efecto, para o tradicionalismo español hai un mecanicismo ideolóxico segundo o cal a nacionalidade española existía xa no reino visigodo de Toledo, e, desaparecido este, rexurdirá en Covadonga, tendo continuada-

Historiando as raíces



XOSÉ A. LÓPEZ TEIXEIRA



de, logo, mediante os reis astur-leoneses e mais os monarcas casteláns que, por fin, completarian a “Reconquista nacional” –é dicir: “gnacional” española– coa toma de Granada polos Reis Católicos en 1492.

Esta interpretación histórica –onde Galiza como formación política non contaba para nada–, asumida plenamente por Sánchez Albornoz e a súa escola, vai ser o paradigma da historia oficial española até datas ben recentes.

Felizmente a moderna historiografía galega vén corrixir iso. Xa no seu día Murguía advertiu da necesidade de volver a vista sobre o período suevo e de reivindicar a galegitude do reino medieval mal chamado “reino de León”. E aínda así, non será até a década

UN IMPORTANTE ESTUDO
QUE RESTITÚE O
VERDADEIRO ESPAZO DO
PAÍS GALEGO NO
TRANSCORRER MEDIEVAL

de 1960 cando autores como R. García Álvarez, retoman o impulso da historiografía romántica e do grupo Nós. Pero foi, sobre todo, nos últimos dez anos cando os avances do medievalismo noso foron máis notables. Non só non se produce unha renovada percepción do mundo altomedieval, onde a particular rehabilitación do Reino de Galiza é, sen dúbida, a súa consecución máis excelsa, senón que se introduciron novas temáticas –e novos enfoques– e se ampliaron os campos da investigación histórica.

Os primeiros froitos deste renovado quefacer podemos velos xa con nitidez en traballos de Camilo Nogueira –e, modestamente, no autor destas liñas– aos que se vén sumar agora A. López Carreira con este seu volume: *O reino medieval de Galicia*, onde incorpora os logros acadados pola investigación dos últimos anos, e que traemos hoxe ás nosas páxinas. Todos eles son estudos preocupados por recuperar a efectiva presenza do reino galego, devolver a veracidade dos feitos históricos e mais a dignidade nacional ao noso país. E é así que nesta reacción deliberada contra o “paradigma” tradicional –como escribiu Thomas Kuhn– a historia non ten porque nin pode ser aséptica. A historia –a nosa Historia– pertence á verdade da razón e do corazón do pobo, se se nos permite a paráfrase de Gramsci. Na hora das conclusións, polo tanto, vaian os parabéns para unha obra que non debe faltar xa nos andeis das nosas bibliotecas públicas e/ou privadas.

LÓPEZ CARREIRA, A., O reino medieval de Galicia, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2005, páxinas